



Concello de Vigo

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓNS ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 31 DE XULLO DE 2026.

1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión ordinaria do 24 de xullo de 2026.

BENESTAR SOCIAL

2.- Expediente de contratación dos servizos de seguridade e vixilancia nos centros municipais de servizos sociais (CMSS) da concellería de Política Social. Expte. 293346/301.

CONTRATACIÓN

3.- Adxudicación do contrato do servizo de taquilla en Vigonature. Expte. 13340/612.

4.- Adxudicación do contrato do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as campañas do Nadal 2026-2027 e 2027-2028. Expte 11688/106.

5.- Modificación do contrato do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical. Expte 52694/444.

6.- Modificación do contrato do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas". Expte. 10068/335.

LIMPEZA

7.- Adhesión ao 5º Convenio Marco de colaboración asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SRAP) de envases domésticos de vidro de un so uso. Expte. 9131/252.



PATRIMONIO HISTÓRICO

8.- Proposta de declaración de deserto do procedemento de contratación das obras do proxecto de reforma da fachada dos locais municipais sitos na rúa Elduayen (entre a rúa Abeleira Menéndez e a praza de Argüelles). Expte. 12968/307.

9.- Proposta para aprobación do XIII Programa para arrambar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana e as súas bases. Expte. 13137/307.

10.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ORDINARIA na Alcaldía o día **31 de xullo de 2026, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolle que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.

SGF/xs.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez

